



ROSALÍA

(Paio e o poder da música - O VIRAVAI)

Ai Rosalía, Rosalía, Rosalía! (bis x 4)

Ela, foi ela, exemplo de coraxe,
sinal de identidade para todos nós
que pasamos pola terra.
Debemos coñecer o que deixou do seu puño e letra:
escritos, historias, poesías , poemas ...
De soños, de loitas, de amores e de penas.
Nunca baixou os brazos, por iso é referencia:
da lingua, da forza, do amor por esta terra.

Ooh, ooh (bis)

Seu corazón late nos nosos corazóns.

Ooh ooh ooohhh

Ai Rosalía, Rosalía, Rosalía! (bis x 4)

Ríos, fontes... nas praias, nos campos, nas rúas ,
nos montes...

Eu cantar cantar cantarei, eses vellos cantares,
os que cruzan os mares.

E iso que daquela, contoume unha señora.

Que elas non podían expresarse como agora.

E se chega o outono, e se caen as follas,

Ela é primavera que trae as follas novas!!!

Ooh, ooh (bis)

Seu corazón late nos nosos corazóns.

Ooh ooh ooohhh

Ai Rosalía, Rosalía, Rosalía! (bis x 4)



(ROSALÍA DE CASTRO 1837-1885)